

# Actualización do Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO FEGADO de actuación para o retorno aos adestramentos e competicións federadas de ámbito autonómico

Actualización febreiro 2022



O obxectivo desta actualización do *Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO FEGADO de actuación para o retorno aos adestramentos e competicións federadas de ámbito autonómico*, na súa última versión de outubro de 2021 é de actualizalo ao marco normativo actual, converxer cara ao protocolo de ámbito estatal da Federación Española de Orientación (FEDO).

A actualización e flexibilización das medidas preventivas xustifícase ao ter en conta por primeira vez o dato de cobertura de vacinación das persoas maiores de 12 anos con pauta completa tanto en Galicia como a nivel estatal (Fonte: Ministerio de Sanidade, 17/02/2022):

<b>Galicia</b>	% con pauta completa sobre total poboación INE:	<b>86,1 %</b>
	% con pauta completa sobre poboación maior de 12 anos:	<b>94,6 %</b>
<b>España</b>	% con pauta completa sobre total poboación INE:	<b>81,0 %</b>
	% con pauta completa sobre poboación maior de 12 anos:	<b>91,0 %</b>

En Vigo a 21 de febreiro de 2022

**Coordinador da FEGADO CONTROL COVID-19**  
Jorge Piñeiro Portela [fegado.direcciontecnica@fegado.es](mailto:fegado.direcciontecnica@fegado.es)

## Contidos da actualización ao Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO da FEGADO

<b>1.</b>	<b>Novidades no marco normativo .....</b>	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Medidas específicas para a actividade deportiva federada .....</b>	<b>4</b>
<b>3.</b>	<b>Declaración responsable de participación na actividade .....</b>	<b>4</b>
<b>4.</b>	<b>Saída simultánea de deportistas .....</b>	<b>5</b>
4.1.	Medidas específicas respecto á saída simultánea de deportistas de 12 ou máis anos (saídas en masa).....	5
4.2.	Medidas específicas respecto á saída simultánea de deportistas menores de 12 anos (saídas en masa).....	7
4.3.	Medidas específicas respecto á saída simultánea de deportistas que non poidan cumprir con calquera das condicións anteriormente mencionadas.....	8
<b>5.</b>	<b>Consideracións particulares.....</b>	<b>8</b>
<b>6.</b>	<b>Pequenos axustes dos protocolos .....</b>	<b>9</b>
6.1.	Sobre a reactivación da cerimonia de premiación .....	9
6.2.	Sobre o uso da carpa COVID de illamento .....	9
6.3.	Sobre as especialidades que habilita a presente actualización do protocolo .....	10
6.4.	Sobre o contacto con materiais e superficies .....	11
6.5.	Sobre o uso de tarxetas SPORTident e sistemas de control de paso alternativos .....	11
6.6.	Sobre a triaxe en secretaría e/ou presaída.....	12
6.7.	Sobre a distribución dos espazo de saída.....	12
6.8.	Sobre o uso obrigatorio de máscara en carreira cando nos se respecta a distancia de seguridade entre membros dun mesmo equipo.....	12
<b>7.</b>	<b>Anexo I. Declaración Responsable .....</b>	<b>13</b>

## 1. Novidades no marco normativo

- **Resolución do 21 de outubro de 2021**, da *Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade*, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- **Orde do 22 de outubro de 2021** pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 14 de decembro de 2021** pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Comunicación e xestión de casos da COVID-19 no sector deportivo federado de ámbito autonómico e estatal en Galicia. Secretaría Xeral para o Deporte. 17 de xaneiro de 2022.**
- **Real Decreto 115/2022, de 8 de febrero**, por el que se modifica la obligatoriedad del uso de mascarillas durante la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.
- **Orde do 11 de febreiro de 2022** pola que se prorroga e se modifica a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Guía simplificada das medidas preventivas para facer fronte ao risco de contaxio pola COVID-19 de aplicación ao Deporte Galego. Secretaría Xeral para o Deporte. 17 de febreiro de 2022.**

## 2. Medidas específicas para a actividade deportiva federada

Os participantes en todas as actividades organizadas baixo a autoridade da FEGADO, polas entidades deportivas ou ben polas persoas físicas ou xurídicas, teñen que ser conscientes da posibilidade de contaxiarse pese que a organización aplique as medidas preventivas recollidas no Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO FEGADO incluída a presente actualización.

Nalgúns casos a adopción de tales medidas por parte das organizacións deportivas poderá alterar ou modificar a dinámica habitual de desenvolvemento da práctica deportiva federada (adestramentos e competicións).

**Máscara posta en todo momento.** Todos os participantes (deportistas, acompañantes e membros do staff) nas actividades deportivas e formativas da FEGADO (adestramentos, cursos, xornadas de tecnificación, competicións, xuntanzas, ou calquera outra) terán que ter a máscara posta, agás no momento de competir <sup>(1)</sup> ou realizar as actividades no medio natural mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas.

(1) Na especialidade de Orientación a Pé urbana SPRINT a máscara é obrigatoria dado que non se pode garantir unha distancia de seguridade de 1,5 m respecto doutros alleos (transeúntes, veciños, etc.).

## 3. Declaración responsable de participación na actividade

A inscrición en actividades deportivas federadas a través da validación da Declaración Responsable de Participación na Actividade (ANEXO I do Protocolo) implica o compromiso co cumprimento dos **requisitos de admisión** establecidos no documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado (ANEXO II do Protocolo).

**Actualización do ANEXO I.** Modifícase dito ANEXO I do Protocolo, incorporando un novo apartado sobre a esixencia de dispoñer do certificado de vacinación COVID-19.

Recoméndase habilitar a inscrición a través da web da FEGADO (ou no seu equivalente SICO da FEDO). A plataforma da FEGADO ofrecerá á marcación da casilla “*acepto e cumpro coa Declaración Responsable COVID-19*”. O vínculo á declaración responsable amosará as tres formas de cumprimento con este requisito, ademais da excepcionalidade non menores de 12 anos:

Que dispoño dun certificado de vacinación que acredita que recibín a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19, ou ben, como alternativas:

- a) Que dispoño dun certificado da realización dunha proba diagnóstica con resultado negativo realizada nas últimas 72 horas no caso das PCR e 48 horas no caso dos test de antíxenos. Debo amosalo coa antelación necesaria segundo establece a organización, ou ben

- b) Que dispoño dun certificado médico conforme superei a infección por COVID-19 nun período comprendido entre os 11 e os 180 días anteriores a celebración da proba. Debo amosalo coa antelación necesaria segundo estableza a organización.
- c) Que estou exento de presentar o certificado de vacinación ou proba diagnóstica negativa por ser menor de 12 anos de idade.

## 4. Saída simultánea de deportistas

### 4.1. Medidas específicas respecto á saída simultánea de deportistas de 12 ou máis anos (saídas en masa).

As especialidades da modalidade de Orientación con maior participación (tanto en nº de deportistas como en nº de competicións) traballan sobre unha estrutura de saídas individuais graduadas e espaciadas no tempo a través dun sorteo das horas de saída. Así fórmanse grellas (parrillas) de saída con deportistas de recorridos diferentes.

Existen especialidades e disciplinas (moitas delas non calendadas no actual 2022) que recorren a saídas simultáneas (saídas en masa). Aplican exclusivamente nas seguintes especialidades e/ou disciplinas representadas na presenta táboa sobre fondo ocre.

Especialidade	Tipoloxía de saída
Orientación a Pé en bosque Disciplina CLÁSICA Calendadas 14 competicións no 2022	Saídas individuais. Deportistas se distribúen ao ser chamados á grella (parrilla) de saída segundo orde establecido por sorteo das horas de saída.  Aínda que mantense a recomendación de 2 deportistas por chamada ou quenda (con recorridos diferentes), flexibilízase o protocolo ata un máximo de 8 deportistas por chamada ou quenda (tamén con recorridos diferentes), na liña que viña establecendo o protocolo ata agora: separación mínima de 3 metros entre deportistas, marcaxe das grellas no chan, saídas graduadas segundo indicacións da organización e uso obrigatorio de baliza start.
Orientación a Pé en bosque Disciplina REMUDAS <b>non</b> calendada 2022	Habilítanse a saída en masa nun mínimo de dúas (2) quendas [máx. orientativo de 100 persoas por quenda].  Quenda nº 1: INFANTIL, XUVENIL e SENIOR.  Quenda nº 2: VETERÁN A e VETERÁN B.
Orientación a Pé en bosque Disciplina ROGAINE <b>non</b> calendada 2022	Habilítanse as saídas en masa nun mínimo de tres (3) quendas [máx. orientativo de 100 persoas/quenda].  Quenda nº 1: ABSOLUTAS.  Quenda nº 2: VETERANOS e OPEN LONGO B.  Quenda nº 3: SUPERVET., JUNIOR e OPEN CURTO.
Orientación a Pé en bosque Disciplina SCORE <b>non</b> calendada 2022	Habilítanse as saídas en masa por categorías [máx. orientativo de 50 persoas/quenda].
Orientación a Pé urbana SPRINT Disciplina CLÁSICA Calendadas 6 competicións no 2022	Saídas individuais. Deportistas se distribúen ao ser chamados á grella (parrilla) de saída segundo orde establecido por sorteo das horas de saída.

	Aínda que mantense a recomendación de 2 deportistas por chamada ou quenda (con recorridos diferentes), flexibilízase o protocolo ata un máximo de 8 deportistas por chamada ou quenda (tamén con recorridos diferentes), na liña que viña establecendo o protocolo ata agora: separación mínima de 3 metros entre deportistas, marcaxe das grellas no chan, saídas graduadas segundo indicacións da organización e uso obrigatorio de baliza start.
Orientación a Pé urbana SPRINT Disciplina REMUDAS calendada 27 novembro 2022	Habilítanse a saída en masa nun mínimo de dúas (2) quendas [máx. orientativo de 100 persoas por quenda]. Quenda nº 1: INFANTIL, XUVENIL e SENIOR. Quenda nº 2: VETERÁN A e VETERÁN B.
<b>Raid de orientación</b> Disciplina CLÁSICA Calendadas 5 competicións no 2022	Habilítanse a saída en masa nun mínimo de tres (3) quendas [máx. orientativo de 100 persoas por quenda ou categoría]. Quenda nº 1: RAID-O 3.0. Quenda nº 2: RAID-O 2.1. Quenda nº 3: ORIENTARAID (categoría de iniciación ou promoción).
<b>Orientación en BTT (MTBO)</b> Disciplina CLÁSICA Calendadas 9 competicións no 2022	Saídas individuais. Deportistas se distribúen ao ser chamados á grella (parrilla) de saída segundo orde establecido por sorteo das horas de saída. Aínda que mantense a recomendación de 2 deportistas por chamada ou quenda (con recorridos diferentes), flexibilízase o protocolo ata un máximo de 8 deportistas por chamada ou quenda (tamén con recorridos diferentes), na liña que viña establecendo o protocolo ata agora: separación mínima de 3 metros entre deportistas, marcaxe das grellas no chan, saídas graduadas segundo indicacións da organización e uso obrigatorio de baliza start.
Orientación en BTT (MTBO) Disciplina REMUDAS <b>non</b> calendada 2022	Habilítanse a saída en masa nun mínimo de dúas (2) quendas [máx. orientativo de 50 persoas por quenda]. Quenda nº 1: INFANTIL, XUVENIL e SENIOR. Quenda nº 2: VETERÁN A e VETERÁN B.
<b>Orientación de precisión TRAIL-O</b> Disciplina CLÁSICA Calendadas 4 competicións no 2022	Saídas individuais. Deportistas se distribúen ao ser chamados á grella (parrilla) de saída segundo orde establecido por sorteo das horas de saída. Aínda que mantense a recomendación de 1 deportista por chamada ou quenda, flexibilízase o protocolo ata un máximo de 2 deportistas por chamada ou quenda, na liña que viña establecendo o protocolo ata agora: separación mínima de 3 metros entre deportistas, marcaxe das grellas no chan, saídas graduadas segundo indicacións da organización e uso obrigatorio de baliza start.
Orientación de precisión TRAL-O Disciplina REMUDAS <b>non</b> calendada 2022	Habilítanse a saída en masa en quenda única [máx. orientativo de 25 persoas por quenda].

Poderanse realizar saídas de varios deportistas ou equipos simultaneamente, sempre e cando todos os orientadores estean coa máscara posta.

En caso de non poder manter a distancia, os orientadores deberán saír correndo coa máscara posta, podéndoa retirar transcorridos os metros ou tramos necesarios ata que que garantan a distancia de seguridade de 1,5 m <sup>(1)</sup> respecto doutros deportistas nas especialidades ou disciplinas individuais, ou respecto doutros equipos nas especialidades ou disciplinas de equipo <sup>(2)</sup>.

Unha vez en carreira e garantida a distancia de seguridade de 1,5 m a máscara poderá ser gardada polo orientador que a deberá portar durante a carreira por se fora necesario



o seu uso por aglomeración de deportistas nalgún punto de control, tramo ou porque non se poda garantir unha distancia de seguridade de 1,5 m respecto de outros alleos (transeúntes, veciños, etc.).

- (1) Na especialidade de Orientación a Pé urbana SPRINT (disciplinas CLÁSICA ou REMUDAS) a máscara é obrigatoria dado que non se pode garantir unha distancia de seguridade de 1,5 m respecto doutros alleos (transeúntes, veciños, etc.).
- (2) Nas especialidades ou disciplinas de equipo (mínimo 2 e máximo 5 compoñentes en carreira), **os membros dun mesmo equipo nos estarán obrigados a respectar a distancia de 1,5 m entre si**. Serán especialidades ou disciplinas asimilables aos deportes de contacto

Unha vez finalizada a carreira, o orientador deberá colocar a máscara, ben empregando unha persoal ou a facilitada pola organización.

Establécese un número mínimo de quendas con carácter orientativo, pero poderán ser realizadas tantas quendas como a organización estime cumprindo coas medidas de seguridade e control establecidas.

No caso das saídas en masa, a cadencia mínima entre as diferentes quendas de deportistas será de un (1) minuto, aínda que cada organización terá a liberdade de incrementala de cara a garantir que non se aglomeren deportistas no Centro de Competición.

O número máximo de orientación permitidos nunha competición con saída en masa será regulado pola Xunta de Galicia, se procede.

#### 4.2. Medidas específicas respecto á saída simultánea de deportistas menores de 12 anos (saídas en masa).

Non será preciso nin dispoñer do certificado de vacinación, test de antíxenos ou certificado médico conforme se superou a infección por COVID-19, aínda que si que será necesaria a entrega da Declaración Responsable.

Respecto das saídas en masa dos menores de 12 anos, aplicarase a excepcionalidade de saídas individuais ou en quendas de ata 4 orientadores que deberán manter a distancia de seguridade de 1,5 m na grella (parrilla) de saída.

No caso das saídas en masa, a cadencia mínima entre as diferentes quendas de deportistas será de un (1) minuto.

Respecto ao uso da máscara:

- **No caso de ir acompañados ou de correr en grupo** farán o percorrido coa máscara posta durante todos os tramos.
- **Cando vaian sen acompañantes** poderán facer o percorrido sen máscara durante todos os tramos, pero mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m respecto doutros deportistas. Igual que no apartado anterior, unha vez en carreira e garantida a distancia de seguridade de 1,5 m a máscara poderá ser gardada polo orientador que a deberá portar durante a carreira por se fora necesario o seu uso por aglomeración de deportistas nalgún punto de control, tramo ou porque non se poda garantir unha distancia de seguridade de 1,5 m respecto de outros alleos (transeúntes, veciños, etc.). Unha vez finalizada a carreira, o orientador deberá colocar a máscara, ben empregando unha persoal ou a facilitada pola organización.
- En ambos casos, as saídas en masa serán en quendas de 4 orientadores respectando a distancia de seguridade de 1,5 m na grella (parrilla) de saída.

#### 4.3. Medidas específicas respecto á saída simultánea de deportistas que non poidan cumprir con calquera das condicións anteriormente mencionadas.

Todos os participantes deberán participar en todo momento coa máscara posta, non podendo ser retirada en ningún momento con independencia da idade dos participantes.

## 5. Consideracións particulares

A organización deberá considerar en todo momento, en caso de ser de aplicación, a normativa vixente en canto ao aforo de uso máximo permitido por instalación para a práctica deportiva e o aforo para espectadores.

A organización será a responsable en todo momento de velar polo cumprimento do *Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO FEGADO de actuación para o retorno aos adestramentos e competicións federadas de ámbito autonómico.*

Recoméndase o uso de máscara por parte dos deportistas e acompañantes menores de 6 anos, especialmente nos eventos multitudinarios.



## 6. Pequenos axustes dos protocolos

Na medida en que se esixa o Certificado COVID, probas diagnósticas ou certificado de ter pasado a enfermidade, relaciónanse unha serie de reaxustes a aplicar no protocolo vixente na liña de converxer cara ao protocolo da Federación Española de Orientación (FEDO), facilitar o traballo dos organizadores e recuperar paulatinamente a normalidade na práctica deportiva federada.

### 6.1. Sobre a reactivación da cerimonia de premiación

A cerimonia de premiación realizarase inmediatamente ao termo de cada competición. Será unha cerimonia a celebrar preferentemente ao aire libre, coa posibilidade de utilizar estruturas de pódium pesadas, sen público ou no seu caso limitada aos participantes, staff e acompañantes que respectarán tanto o uso obrigatorio da máscara como a distancia de seguridade de 1,5 metros entre si.

Obrigatorio o uso de máscara en todos os que interveñan (orientadores, staff e autoridades), distancia de seguridade e puntos de limpeza e desinfección de mans.

Habilitaranse zonas de podio con espazos diferenciados para corredores, organización e autoridades, de ser o caso.

Os trofeos teranse que deixar na mesa ou bandexa de premios para que o deportistas o recollan directamente, evitando calquera tipo de contacto. Non haberá protocolo de mans, agradecemento (bicos, abrazos) entre o premiador e o premiado ni entre os premiados entre si.

Poderase retirar a máscara **exclusivamente para a foto final** sempre que se cumpra a distancia de seguridade de 2,0 m entre deportistas. Está autorizado que entre os membros de un mesmo equipo non se respecte a distancias de seguridade.

Todo persoal de Organización, Médicos, Seguridade, Asistentes, Media, etc. así como o persoal de equipos deberán portar a máscara en todo momento en todas as zonas do evento e dentro do propio coche durante a competición (probas en estrada)

### 6.2. Sobre o uso da carpa COVID de illamento

En caso de detección dun caso sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa deberá pórse unha máscara cirúrxica (no caso de non estar facendo uso dela) e, se pode facelo polos seus propios medios, deberá abandonar as instalacións deportivas para dirixirse ao seu domicilio.

Se isto non é posible, a persoa con síntomas deberá ser trasladada ao espazo illado habilitado para tal fin (carpa COVID lista para a súa montaxe no Centro de Competición, ou espazo equivalente).

Cando precise acompañamento por parte doutra persoa, esta deberá facer uso tamén dunha máscara cirúrxica e no caso de que o enfermo non poida facer uso de máscara, o acompañante deberá usar unha FFP2 xunto cunha pantalla.

### 6.3. Sobre as especialidades que habilita a presente actualización do protocolo

#### **Especialidades (todas)**

- Habilita para a realización de probas de dous días.
- Non recomenda, pero habilita a posibilidade de pernoitar en pavillóns (“chan duro”), seguindo o Protocolo de Actuación de ámbito Estatal: “flexibilización del protocolo COVID-19 de la FEDO en relación al suelo duro” de 19 de xaneiro de 2022 [\[consultar\]](#). Será necesaria a validación por parte da Dirección Técnica.

#### **Especialidade de Orientación a Pé en bosque (sen contacto)**

- Habilita para as disciplina de score (individual) e ultrascore-ROGAINE (individual ou en equipos) incluso cando as saídas se realicen en masa por categorías, en liña co que establece o protocolo estatal FEDO. Ver especificacións FEGADO para saídas en masa.
- Habilita para competicións de remudas (*relevos*) con saídas en masa. Ver especificacións FEGADO para saídas en masa.

#### **Especialidade de Orientación a Pé urbana SPRINT (sen contacto)**

- Habilita para competicións de remudas (*relevos*) con saídas en masa. Ver especificacións FEGADO para saídas en masa.

#### **Especialidade de Raid de orientación (sen contacto)**

- Habilita as saídas en masa, en liña co que establece o protocolo estatal FEDO. Ver especificacións FEGADO para saídas en masa.
- Habilita para a realización de probas especiais en competición, sempre e cando se proceda a desinfección de mans, materiais e superficies antes e despois do seu uso.

#### **Especialidade de orientación en BTT (MTBO) (sen contacto)**

- Habilita para as competicións de MTBO SPRINT en entorno urbano en condicións análogas ás da Especialidade de Orientación a Pé urbana SPRINT (sen contacto). É dicir, co uso obrigado de máscara durante a práctica deportiva.
- Habilita para as competicións de remudas (*relevos*). Ver especificacións FEGADO para saídas en masa.

#### **Orientación de precisión (TRAIL-O) (sen contacto)**

- Habilita para adestramento de TRAIL-O nos mesmos termos que na competición.
- Habilita para as competicións de TEMP-O de remudas (*relevos*).

#### 6.4. Sobre o contacto con materiais e superficies

Non se recomenda, pero permítese, na medida en que se poñan a disposición de deportistas e staff dos medios para poidan desinfectar as mans, materiais e superficies antes e despois do seu uso, a reactivación dos seguintes aspectos en adestramentos e competicións:

- entrega de descrición de controis no espazo de saídas.
- entrega de raidbook no espazo de saídas.
- colaborar a instalar ou transportar materiais da organización.
- instalar tendas, carpas, toldos ou bandeirolas.
- instalar infraestruturas pesadas como carpas, arcos de meta, valados, soportes publicitarios, etc.
- instalar paneis expoñendo as horas de saída, boletíns ou mapas antigos.
- inscricións e pagos presenciais.
- servizos de gardarroupa, custodia de chaves de vehículos, etc.
- servizos de gardería.
- avituallamento líquido (individual) en carreira, aínda que recoméndase que os deportistas leven os seus propios víveres e comidas.
- avituallamento líquido e sólido (individual) en meta. Haberá persoal que verifique a correcta entrega, evitando aglomeracións e o consumo sen respectar a distancia de seguridade. , aínda que recoméndase que os deportistas leven os seus propios víveres e comidas.
- entrega de impresión de tickets de tempos totais ou parciais. Recoméndase o publicación de resultados on-line.
- instalar paneis ou habilitar pantallas expoñendo resultados.
- formularios de reclamación fronte ás decisións do xuíz controlador.
- as marcaxes pasan a ser opcionais nos espazos de espera de secretaría, saída, meta e espazo de recuperación e punto de descarga SPORTident

#### 6.5. Sobre o uso de tarxetas SPORTident e sistemas de control de paso alternativos

**Pinza clásica (en tódalas especialidades).** Permítese o sistema de marcaxe manual alternativo da pinza clásica.

**Raid de Orientación e Rogaine.** Permítese a volta á utilización de unha (1) tarxeta por deportista. Na medida en que están a disposición dos deportistas medios para desinfectar mans, superficies e materiais nos espazos de saída, meta e transición, non é obrigatorio o uso un botiño individual de hidroxel para desinfectar as mans e a tarxeta antes de despois de cada paso por control.

**Orientación en BTT (MTBO).** A tarxeta SIAC SPORTident (contactless) pasa a ser recomendada, (non obrigatoria). Na medida en que están a disposición dos deportistas medios para desinfectar mans, superficies e materiais nos espazos de saída, meta e transición, non é obrigatorio o uso un botiño individual de hidroxel para desinfectar as mans e a tarxeta antes de despois de cada paso por control.

#### 6.6. Sobre a triaxe en secretaría e/ou presaída

A toma de temperatura con termómetro infravermello dixital (sen contacto) pasa a ser obrigatoria exclusivamente cando se realicen actividades en instalacións interiores sen ventilación (ou con ventilación deficiente)

#### 6.7. Sobre a distribución dos espazo de saída

Na medida en que a organización dispoña de recursos suficientes, recupérase o espazo -3.

Recupérase a entrega de descrición de controis no espazo -2, na medida en que a organización dispoña de recursos suficientes.

#### 6.8. Sobre o uso obrigatorio de máscara en carreira cando nos se respecta a distancia de seguridade entre membros dun mesmo equipo

Elimínase a obrigatoriedade de máscara nos membros dun equipo de RAID na SECCIÓN KAYAK aínda que non sexa posible garantir a distancia mínima interpersoal de seguridade de 1,5 m, en modo análogo ó deporte de contacto.

Elimínase a obrigatoriedade da máscara nos membros dun mesmo equipo de RAID aínda que non sexa posible garantir a distancia mínima interpersoal de seguridade de 1,5 m, en modo análogo ó deporte de contacto.

**Mantense a obrigatoriedade da máscara en tramos en concorrencia con outros deportistas.** Se por circunstancias de carreira, dous ou máis deportistas de equipos diferentes coincidiran durante un mesmo tramo de carreira progresando de forma sostida a menos de 3 metros, deberán utilizar a máscara ata recuperar a distancia recomendada dos 6 metros.

**Mantense a obrigatoriedade da máscara na concorrencia puntual con persoas alleas (veciños, transeúntes, outros usuarios, etc.) en especialidades distintas ao O-Pé urbano SPRINT.** Se por circunstancias puntuais de carreira un deportista se cruza con persoas alleas sen poder manter unha distancia de seguridade de 3 metros, debe poñerse á máscara ata garantir que volva ter o distanciamento recomendado dos 6 metros.

## 7. [Nova redacción] Anexo I. Declaración Responsable

### ANEXO I | DECLARACIÓN RESPONSABLE DE PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

---

Nome da actividade \_\_\_\_\_

Organizada por \_\_\_\_\_

Desenvolvida en \_\_\_\_\_ O día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

---

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con nº de DNI \_\_\_\_\_

actuando en nome propio  como pai/nai/titor da persoa participante (menor de idade)  
D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con nº de DNI \_\_\_\_\_

#### SOLICITO

Que a persoa cuxos datos figuran no encabezamento (o interesado) participe nas actividades da organización exposta, para o cal, lin con detalle a información proporcionada pola propia organización e acepto as condicións de participación e expreso o meu compromiso coas medidas persoais de hixiene e prevención do protocolo da entidade e así mesmo,

#### DECLARO:

- Que o interesado cumpre os **requisitos de admisión** establecidos no documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado publicados no evento da web <http://fegado.es>
- Que dispoño dun certificado de vacinación que acredita que recibín a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19, ou ben, como alternativas:
  - a) Que dispoño dun certificado da realización dunha proba diagnóstica con resultado negativo realizada nas últimas 72 horas no caso das PCR e 48 horas no caso dos test de antíxenos. Debo amosalo coa antelación necesaria segundo estableza a organización, ou ben
  - b) Que dispoño dun certificado médico conforme superei a infección por COVID-19 nun período comprendido entre os 11 e os 180 días anteriores a celebración da proba. Debo amosalo coa antelación necesaria segundo estableza a organización.
  - c) Que estou exento de presentar o certificado de vacinación ou proba diagnóstica negativa por ser menor de 12 anos de idade.
- Que lin e acepto os compromisos contidos no protocolo para previr o COVID-19 da Federación Galega de Orientación, publicados na web desta entidade: <http://fegado.es>
- Que son consciente dos riscos que implica a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.
- Que de ter estado nos últimos 14 días en territorios de alta incidencia epidemiolóxica por COVID-19, o teño notificado ó Servicio Galego de Saúde (SERGAS) nun prazo máximo de 24 horas dende a miña chegada á Comunidade Autónoma de Galicia. Máis información e acceso ó formulario en <https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Benvida-viaxeirxs?idioma=es>.

En .....

a..... de..... de 2022